

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, A XUNTA DE COFRADÍAS DA SEMANA SANTA DE VIVEIRO E ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A. PARA A CELEBRACIÓN DA SEMANA SANTA 2019.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Xunta de Cofradías da Semana Santa de Viveiro o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia, ABANCA e a Xunta de Cofradías da Semana Santa de Viveiro, para o apoio á celebración da Semana Santa de Viveiro 2019.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade. Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos, para o cumprimento dos devanditos obxectivos correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.

Segundo.- O apoio ás festas de interese turístico, é unha das liñas estratéxicas de traballo de Turismo de Galicia por considerar este tipo de eventos como un elemento esencial para o desenvolvemento turístico de Galicia non que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.



A este respecto, o Plan Estratéxico do Turismo de Galicia 2020 na Liña estratéxica 2, obxectivo estratéxico 2.1. Singularización de novos valores diferenciadores, Acción 2.1.3. Enfoque turístico do patrimonio inmaterial, inclúe o impulso da creación de produto en torno ás Festas de Interese Turístico.

Terceiro.- A Xunta de Cofradías da Semana Santa de Viveiro, en adiante a Xunta de Cofradías, é unha organización sen ánimo de lucro dedicada á divulgación, promoción e organización da Semana Santa de Viveiro.

Cuarto.- A Semana Santa de Viveiro está considerada como unha das máis fermosas de toda Galicia e destaca polo grande valor histórico e artístico da súas imaxes. É ademais unha das celebracións relixiosas máis antigas da comunidade autónoma xa que se celebra de xeito ininterrompido dende o século XIII. No ano 1988 acadou a declaración de Festa de Interese Turístico Nacional e no ano 2013 a de Festa de Interese Turístico Internacional.

Conferencias, varias exposicións, actos musicais, concurso de carteis ou a presentación da revista Pregón son a antesala da celebración, que conta cun amplo programa de numerosas actividades, dende os previstos no programa Adral (durante a Coresma) ata os propios da Semana Santa de Paixón, que terán lugar, entre outros, nas igrexas de San Francisco, Santa María do Campo e das MM Concepcionistas, así como no Teatro Pastor Díaz ou na sala multiusos do concello.

Por outra parte, realízanse actos litúrxicos, sendo os mais importantes o Encontro e Desencravo, unha exposición dos pasos na denominada “Antesala dun museo”, e o casco histórico de Viveiro será escenario das 15 procesións previstas.

Así mesmo, a Semana Santa de Viveiro estará presente no Salón Internacional de Turismo Gastronómico Xantar, para espallar e amosar as peculiaridades da nosa Semana Maior, coa degustación do pan dos apóstolos, doce típico do Xoves Santo en Viveiro.

Quinto.- O apoio, promoción e difusión deste evento considérase como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos seus extraordinarios recursos turísticos, impulsando así a mellora económica do sector.





Sexto.- ABANCA é unha entidade que opera no sector financeiro e bancario, con gran tradición e arraigamento no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, lugar onde naceu e desenvolve gran parte do seu obxecto social na actualidade e considera dende un punto de vista publicitario e do marketing que é unha grande oportunidade para dar a coñecer directamente a súa imaxe corporativa e de forma indirecta os seus produtos, difundir o seu logotipo no ámbito das festas de interese turístico tanto de Galicia, como nacionais e internacionais e contribuír así ao apoio e difusión das mesmas.

Dado o interese común en realizar accións compartidas de soporte ao desenvolvemento e a promoción da Festas de Interese Turístico, a Axencia Turismo de Galicia asinou un Convenio Marco coa entidade financeira ABANCA coa finalidade de articular a colaboración entre as dúas entidades para o apoio á promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.

Que a través deste convenio, outórgase a Xunta de Cofradías da Semana Santa de Viveiro unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

